

12-15 DE
OUTUBRO

DOSSIER
DE PRENSA

CANGAS
(PONTEVEDRA)

#ATACASOUDEFENDES



A DEFENSA
DA VILA
MARÍA
SOLIÑA

Cangas 1617

WWW.ADEFENSADAVILA.COM
CANGAS@ADEFENSADAVILA.COM

ORGANIZADORES:

A DEFENSA
DA VILA
Asociación Cultural



Concello de Cangas



A DEFENSA DA VILA

¿QUÉ É?

12-15 OUTUBRO

Ademais da representación, A defensa da Vila inclúe outras actividades coma actuacións musicais, rutas guiadas, obradoiros, conferencias e un mercado de época coñecido coma a Feira dos Invasores. Durante estas xornadas os hosteleiros tamén ofrecerán ós veciños e visitantes unha proposta culinaria con aires do século XVII e outras novidades incluídas no programa.

A Defensa da Vila. María Soliña. Cangas 1617 é un evento lúdico e cultural que terá lugar en Cangas do Morrazo (Pontevedra) entre os vindeiros 12 e 15 de outubro. Ambientada en 1617, estas xornadas son unha conmemoración histórica na que se representa o desembarco turco-berberisco en Cangas e a historia de María Soliña, personaxe icónico da vila, xulgada e condenada para á confiscación de tódolos seus bens. **A Defensa da Vila. María Soliña. Cangas 1617** remata coa representación teatral da adaptación con textos de Xosé Manuel Pazos e poemas de Celso Emilio Ferreiro, e levada a cabo pola compañía **Teatro de Ningures**, en colaboración e coa figuración de veciños e veciñas de Cangas e arredores.



PROGRAMA EDICIÓN 2023

XORNADAS CULTURAIS

Xoves 12 de outubro 12:00 "A invisibilidade das mulleres na Historia, María Soliño", ponencia da historiadora Guillermina Domínguez no salón de plenos do Concello.

13-15 de outubro "Unha mirada atrás", exposición Devanceiros do Mar, Capela do Hospital.

FEIRA DOS INVASORES 1617

Feira de época con mercado artesán máis actividades e atraccións infantís nos Xardíns de Soaxe.

Venres 13 de outubro

19:00 Apertura da Feira dos Invasores.

20:30 Pregón de Teatro de Ningures: "Cego e Zanfona" e autoridades.

21:30 "Akelarre" por Teatro de Ningures na Fonte do Cabalo e palco dos Xardíns de Soaxe.

22:00 Ruada e concerto da A.C. Peis d'hos.

Sábado 14 de outubro

11:00 Apertura da Feira dos Invasores.

12:30 Ruada e concerto AC María Soliño.

17:00-19:00 Obradoiros e xogos con A illa dos Ratos na contorna da praza de abastos.

18:30 Ruada e concerto da ACF Tromentelo.

20:00 Ruada e concerto de Lembranzas da Ría.

21:00 "Akelarre" por Teatro de Ningures na Fonte do Cabalo e palco Xardíns de Soaxe.

21:30 ...Aí veñen os Turcos! con Ameaça de Bombo, Teatro de Ningures e Os Invasores.

Domingo 15 de outubro

10:30 Ruta guiada "Cangas 1617, A defensa da Vila" con A illa dos Ratos.

Necesaria inscrición previa via Whatsapp no 611080853.

11:00 Ruada de Lume de Karoso.

12:30 Concerto da Banda de Música Belas Artes.

16:30 Ruada e concerto do Grupo de Danzas País de San Roque.

18:30 Actuación Infantil dos Monifates na contorna da praza de abastos.

19:30 Ambientación "Cangas 1617" na Feira dos Invasores.

20:00 Representación de "A defensa da Vila. María Soliño" con textos de Xosé Manuel Pazos e o poema de Celso Emilio Ferreiro.

PROGRAMA EDICIÓN 2023

DOMINGO 15 DE OUTUBRO ÁS 20:00h

Teatro de Ningures presenta

A DEFENSA DA VILA. MARÍA SOLIÑA

Cangas 1617

Con textos de Xosé Manuel Pazos e o poema de Celso Emilio Ferreiro

COA PARTICIPACIÓN DAS ASOCIACIÓNS

A Cepa · Adicam · Ameaça de Bombo · ACF Tromentelo · AC Lembranzas da Ría
AC Peis d'hos · AC Defensa da Vila · AC Xiria · Asociación Mariñeiros de Bouzas · Sueste
Club Falcata de Esgrima Histórica · Escola de Música e Conservatorio de Cangas
Escola de Teatro de Cangas · Grupo Vocal María Soliña · Grupo de Teatro Ardora
Pandereteiras de Lembranzas da Ría · Pandereteiras de Peis d'hos

REPARTO

María Soliña: Mónica Camaño

Inquisidor: Juan Luis Pérez

Cego: Fran Paredes

Lazariño: Sara Malvido

Pedro Barba e Demo: Lois Soaxe

Espantallo da Morte: Manolo Cobas

Meigas: Julia Abal, María Fernández, María Xosé Lagoa, Sonia Salgado, Sonia Couto,
Carmen Suárez, Amparo Mesas, Bea Díaz, Sara Nieto e Silvia Portela.

Testemuñas: Carmen Suárez, María Lagoa, Sonia Salgado, Carlos Zunzunegui,
Manel Mañá, Pilar Ferrari e Miguel Rodríguez.

Deseño, confección e construción de vestiario: Sonia Rúa

Axudantía de vestiario e confección: Anabel Santos, Chiruca, Julia Abal e Mila Abal

Escenografía e atrezzo: Pablo Giráldez "O Pastor"

Composición e Dirección Musical: Anxo Graña e Guillermo Lamosa

Imaxe: Diego Seixo

Deseño iluminación: Salvador del Río

Curso de Malabares de lume: Lois Soaxe

Profesor de esgrima histórica: Ricardo Soto

Coreografía Danza Dos Piratas: Miguel Sotelo

Coreografías Danza Pobo e Danza de Liberación: Manolo Cobas

Asistencia técnica luz e son: Miguel Angel Castro, Sisco Lariño, Héctor Pazos e Serafín Piñeiro

Dramaturxia e dirección: Casilda Alfaro e Salvador del Río

COORDINACIÓN E PRODUCCIÓN: TEATRO DE NINGURES

Agradecemos a colaboración prestada a todas as asociacións as actrices, actores, bailaríns, bailarinas e músic@s que fan posible esta montaxe teatral.

A DEFENSA DA VILA

Asociación Cultural

A Asociación A defensa da Vila non ten ánimo de lucro e foi constituída co fin de organizar e coordinar os eventos e a Feira dos Invasores desta singular cita, en colaboración co Concello de Cangas e Teatro de Ningures.





Estás en Ningures

Despois de 35 anos de actividade teatral profesional, TEATRO DE NINGURES, fundada en 1.986, reúne unha serie de recursos humanos, técnicos e materiais que fan desta compañía unha das máis estables de Galiza e un punto de encontro imprescindible para os profesionais do sur do país, así como unha referencia no panorama teatral galego.



A REPRESENTACIÓN E A HISTORIA

A compañía teatral galega Teatro de Ningures realiza a representación o domingo ás 20 hs.

No ano 1617, no mes de decembro, varias escuadras de piratas turcos-berberiscos asolaron a ría de Vigo. Despois de arrasar Domaio, chegaron a Cangas queimando a igrexa-colexiata, o hospital e gran parte da vila. Saquearon, mataron, violaron ás mulleres e ao marchar levaron un abundante botín e a dúcias de persoas cara ao cautiverio. O pobo quedou asolado, a poboación dezmada e a economía quebrantada. Os anos vindeiros serían de depresión, de fame, de medo e de dor. Foron moitas as consecuencias daquela invasión. Entre os mortos atopáronse Antón Soliño e o seu cuñado Pedro Barba, irmán e marido de María Soliño, quedando esta pois viuva e posuidora de todos os seus bens.

Catro anos máis tarde foi enviada á Inquisición, testificada por doce testemuñas que a acusaron de bruxería, de ter tratos co diaño. Despois de ser sometida ao tormento, declarou que era bruxa e meses máis tarde foi sentenciada á confiscación de todos os seus bens e a levar o hábito de penitente durante seis meses, pero María morreu o mesmo día no tormento... Para poderen celebrar o "auto de fe" fixeron un boneco que a representaba e foi paseado ao lombo dun burro polas rúas de Santiago.

Xerardo Dasairas, na revista "María Soliña", de teatro de Ningures apunta con acerto que foi da man da historia primeiro e da literatura despois, que esta personaxe acada unha dimensión universal.

No ano 1989 e despois de ter dado os seus primeiros pasos Teatro de Ningures, non pode resistirse a poñer en pé, e nunca mellor dito, a erguer a pira de María Soliña nas táboas dun escenario. Chamámoslle daquela poema dramático e sí ,era un poema dramático, un poema de amor e odio, no que o amor trascende alén da morte, pero os "muros de noite" logran erguerse deixando só "sonos de medo" e sombras e noite.

Vinte anos máis tarde, os turcos amarraron de novo no peirao, as gavotas sobre Cangas, a voz do vento, María, e María instalouse de novo baixo os tellados de Cangas a espreitar as ondas do mar, e de novo Teatro de Ningures volveu remexer na necesidade de rescatala, e desta vez polos camiños de Cangas. Foron dúas representacións realizadas en xullo e setembro de 2009, desta vez polas rúas eprazas do casco hitórico cangués, coa colaboración dun cento de persoas que fixeron posible a representación, á que puideron asistir máis de 5000 espectadores

Catro séculos máis tarde, os barcos seguen a ser amarrados nos peiraos, e o medo ás veces tórnase en ira. María, soa, segue a espreitar o mar na noite, e as sombras da opresión, da intolerancia, da cobiza, da envexa do odio, da humillación, do maltrato, da ignominia, da morteseguen a asexala.

A REPRESENTACIÓN E A HISTORIA

A compañía teatral galega Teatro de Ningures realiza a representación o domingo ás 20 hs.



Coincidindo coa conmemoración dos 400 anos daquel suceso, queremos contar, ou mellor entonar, un canto á liberdade, e citando outra vez a Xerardo Dasairas :
María Soliño convertiuse nun canto á liberdade e porén nun ataque directo a calquera xeito de opresión veña de onde veña.

Queremos contar unha historia, unha historia nosa e tamén para nós, na que poder participar e na que poder reflectirnos nun tempo ou cecais en todos os tempos. Queremos que esta historia non se esqueza, que pase a formar parte da memoria colectiva deste pobo, e tamén de toda Galicia, que non caia no esquecemento e que sirva de símbolo e de liberación, a través da festa, da celebración e da participación... E que mellor maneira de levalo a cabo que repetíndoa cada ano....

Xa toca facelo

METODOLOXÍA

María Soliño chama de novo á porta de Teatro de Ningures. O primeiro encontro foi íntimo, con ela eramos nove. Sucedeu nunha sala de ensaio mergullados nunha lona, catro paus e certas herbas chamadas do demo.

Logo da experiencia do 2009, despois da gran acollida e a numerosa participación e implicación do pobo de Cangas, neste novo encontro propoñémonos tamén novas metas:

Recuperar parte da Historia de Cangas e facer unha reflexión sobre as semellanzas que pode ter co momento actual nalgúns aspectos. "O pobo que non coñece a súa historia está condenado a repetila"...

Recuperar a Historia dunha muller que como tantas outras foi o chivo expiatorio do medo á liberdade e á diferenza.

Consolidar o papel protagonista das rúas e das prazas de Cangas como escenario real dos acontecementos.

O espectáculo terá basicamente tres partes diferenciadas:

- Desembarco e ataque dos piratas; coreografías realizadas por un profesional cualificado.
- Historia de María e sucesos no pobo; parte con pequenos diálogos baixo a dirección de Teatro de Ningures.
- Unha danza liberadora na que pouco a pouco poderá ir integrándose toda persoa que o desexe.
- Sería idóneo un remate de festa con actuacións musicais



METODOLOXÍA



Non nos queremos limitar a ofrecer un espectáculo de rúa ao uso, a un pasa-rúas onde por unha parte os actores van contando a historia e por outra banda os espectadores simplemente observan, senón que este proxecto pretende reunir ao maior número de participantes posible en cada unha das localizacións polas que se vai pasar para contar a historia do desembarco dos turcos e posterior proceso a María Soliño, facendo posible que todos aqueles que así o desexen poidan participar como unha parte activa do mesmo. Pretendemos implicar á cidadanía no proceso teatral, facendoo parte activa desta representación

Farase no seu momento unha convocatoria aberta á participación no espectáculo, dirixida fundamentalmente aos alumnos da Escola Municipal de Artes Escénicas de Cangas, aos grupos de teatro afeccionados e escolares, e a todos os colectivos culturais e sociais que lles poida interesar.

Todo isto requerirá de uns ensaios previos con todos os voluntarios, de onde saíran as coreografías das danzas e das loitas que vai haber, e onde recibirán as instrucións precisas para o movemento escénico e os traslados de unha escena a outra.

Durante a representación, e para garantir a continuidade do espectáculo no ritmo e nos pasos previstos, haberá cinco actores profesionais que serán os encargados de encarnar aqueles personaxes fundamentais para o desenvolvemento e entendemento da trama. Estes actores encarnarán á figura de María Soliña, protagonista da historia e fío condutor da mesma, o Cego que conta a historia e serve como narrador e guía do público no percorrido polos camiños de cangas, así como o seu Lazariño, a figura do Demo e do Inquisidor, ademais de incluír na representación unha loita simbólica entre o capitán dos piratas berberiscos e un héroe local. Todos os demais personaxes serán asumidos por aqueles voluntarios que se decidiron a participar no proxecto.

O espazo sonoro está garantido coa presenza constante de música en directo, fundamentalmente formada por percusión ao principio, aínda que sen renunciar á incorporación doutros instrumentos nas partes que así o requira o espectáculo.

O espazo escénico está garantido polas rúas, prazas, os patíns e as casas da vila de Cangas, como o mellor dos marcos posibles onde vai transitar a historia. Pretendemos resaltar estes espazos coa axuda da iluminación, buscando os efectos precisos que axuden a situar as escenas e a acompañar a dramaturxia.

GUIÓN DA REPRESENTACIÓN POR ESPAZOS



PORTO DE CANGAS/ESTACIÓN DE AUTOBUSES

Representación dun día normal na Vila de Cangas
Os turcos anuncian a súa chegada. Soan varios fogos.
Músicos no barco. Os cangueses/as corren cara o peirao.

DESEMBARCO PIRATA

Os barcos acheganse ao porto de Cangas, atracan o barco e
prodúcese o
desembarco

LOITA NO PEIRAO/ESTACION DE AUTOBUSES

Prodúcese a primeira loita onde os turcos vencen e avanza e ao
mesmo tempo a xente do pobo retrocede. Pódense producir
pequenas loitas no traxecto dende o peirao ata chegar a carretera.
E xa unha última loita cruzada na estrada nos balcóns do "bar
próximos. Hai diferentes representacións de violacións, saqueos e
morte, en diferentes puntos, de camino á:

EIRADO COSTAL

Restos batalla. Fogueiras. Restos mobles queimados.
Aproveitaríamos todo o espazo, algún balcón, escaleiras etc...
Sucédense varias escenas simultáneas: Unha muller baixa
escaleiras e chega correndo a rescatar ao seu fillo, outra axudando
a unha muller violada camiñan cara a entrada doutra casa, outra
muller axuda a erguer a un home ferido.. Mulleres e homes
chorando maridos/mulleres mortos/as. Chega home con cadáver de
Pedro Barba ás costas.
Aparece María Soliño.

Escena Pedro- María (ensoñación)
María lava a Pedro, secao, este revive.....
Aparecen nobres. Observan escena.
Mulleres sacan a María da súa ensoñación e lévana á súa casa.
Cego relata historia.

GUIÓN DA REPRESENTACIÓN PORESPAZOS



RÚA

Imos cara a casa de María, xente do povo, narrador e músicos.
Veciños e veciñas nas portas e ventás das súas casas acusan a María.

Estamos diante da casa de María.

Está queimada. Fume. Diante está o Inquisidor.

Gran figura (en zancos). Diríxese a María.

Dá a orde de prendela. Dous gardas da inquisición prenden a María.

PRAZA DA CONSTITUCIÓN

Xuízo. Tormento.

María aos poucos vai perdendo as forzas e remata declarándose culpable. Confesión.
Inquisidor-Demo.

Mulleres meigas baixan pola rúa e chegan á fonte do cabalo. Beben .

Danlle de beber a María(meiga agora) da man.

Danza das mulleres co demo.

Sería a noite de San Xoan (Tamén sería unha ensoñación).

María é condenada a morte.

Suplica Misericordia.

ADRO DA IGREXA

María está sendo conducida a súa execución polas rúas.

Aparéceselle Pedro Barba . Escena poética.

O cego sempre narrando. Músicos acompañan.

EIRADO DO SINAL

O cego conta e canta poema Celso Emilio

PRAZA DA PALMA/MARÍA SOLIÑA

María cumple sentenza.

Danza mulleres. Esta sería un canto á liberdade,
unha danza de liberación da muller.

REMATE

PROGRAMA DÍA A DÍA

XORNADAS CULTURAIS

12 DE OUTUBRO. 12 HS.

«A INVISIBILIDADE DAS MULLERES NA HISTORIA, MARÍA SOLIÑO»,
PONENCIA DA HISTORIADORA GUILLERMINA DOMINGUEZ: NO
SALON DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS.

GUILLERMINA DOMÍNGUEZ TOURIÑO

"Vocacionalmente" entregada á profesión máis necesitada por e para una sociedade xusta e igualitaria. Na actualidade, forzosamente xubilada . Licenciada en Xeografía e Historia, sección de Historia (Medieval), pola Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela (USC), en xuño de 1976. Máster-POP, oficial na USC, sobre "Educación, Xénero e Igualdade". Funcionaria de carreira, como Profesora de Secundaria e Bacharelato, da Consellería de Educación e O.U., desde 1982. Especializada en investigación e tratamento da Historia das Mulleres a través dos textos. Especializada en 2º de Bacharelato, técnicas do comentario de texto histórico e de Historia da Arte. Colaboradora coa CIUG na corrección de exames na Selectividade.

Especialista en Historia do Xénero. con publicacións que o certifican como "As mulleres na Historia" editado pola Editorial Xerais, "Materiais para un estudo non androcéntrico da Historia", "Mulleres e traballo" Premio Nacional 1985, "Textos para a Historia das Mulleres en Galicia" editado polo Consello da Cultura Galega), "Tres Mulleres galegas de armas tomar: María Balteira, María Castaña e María Soliña", " na editorial Baía, e diversas colaboracións coa Deputación de Pontevedra.

Cofundadora do Colectivo M^a Castaña, dedicado expresamente a recuperar a Historia das Mulleres.

PROGRAMA DÍA A DÍA

XORNADAS CULTURAIS

13-15 DE OUTUBRO. CAPELA DO HOSPITAL.



EXPOSICIÓN DEVANCEIROS DO MAR: "UNHA MIRADA ATRÁS"

A Asociación Devanceiros do Mar nace oficialmente o 27 de Febreiro de 2020 co obxectivo de poñer en valor a cultura marítima galega. A **orixe do proxecto** da Asociación Devanceiros do Mar está na **colección privada de elementos relacionados co mar que o capitán Cristóbal Cordeiro Tobío foi acumulando na súa casa ao longo da súa vida.**

Tras a súa **xubilación** comezou a **pensar en compartila co mundo** e aproveitando que no 2019 **tamén se xubilou o capitán Francisco J. Rios Lemat "Paco"**, compañeiro de traballo durante anos, **deciden emprender un proxecto moito máis amplo encamiñado a que a cultura marítima do pobo non quede no esquecemento.**

Convencidos de que Moaña debería ter un Museo do Mar, comezaron a buscar máis persoas que compartiran as súas inquietudes e tras varios meses de contactos e reunións, foi finalmente o 27 de Febreiro de 2020 cando se celebrou a **assemblea constitutiva de Devanceiros do Mar.**

Nacía así unha asociación sen ánimo de lucro, que se marcaba como obxectivo principal poñer en valor o rico patrimonio cultural e etnográfico relacionado co mar que temos na nosa terra, Galicia, e de feito nos seus estatutos estableceron que o **seu ámbito de actuación sería o autonómico**, buscando converterse nun punto de encontro **para todos aqueles galegos que quixesen compartir as súas vivencias relacionadas co mar e que profesasen o mesmo amor e paixón que eles pola cultura mariñeira.**

Entre os nove socios fundadores había capitáns, mariñeiros e xefes de máquinas, xente do mar de vilas como Moaña, Cangas e Vigo. Posteriormente se sumarían persoas procedentes de outros ámbitos moi diversos como unha mestra redeira, unha bióloga, unha cociñeira ou un funcionario xudicial, chegando **na actualidade a contar coa participación e apoio de máis de 200 particulares e empresas.**

FONTE: A ILLA DOS RATOS

PROGRAMA DÍA A DÍA

XORNADAS CULTURAIS

**13-15 DE OUTUBRO. FEIRA DOS INVASORES 1617
ALAMEDA VELLA DE CANGAS**

VENRES 13 DE OUTUBRO:

**19:00 APERTURA DA FEIRA DOS
INVASORES.**

**20:30 PREGÓN DE TEATRO DE NINGURES
"CEGO E ZANFONA" E AUTORIDADES.**

**21:30 AKELARRE POR "TEATRO DE
NINGURES" NA FONTE DO CABALO E PALCO
DOS XARDINS DE SOAXE.**

**22:00 RUADA E CONCERTO DA A. C. PEIS D
'HOS.**



PROGRAMA DÍA A DÍA

XORNADAS CULTURAIS

13-15 DE OUTUBRO. FEIRA DOS INVASORES 1617
ALAMEDA VELLA DE CANGAS

SÁBADO 14 DE OUTUBRO

11:00 APERTURA DA FEIRA DOS INVASORES 1617.
12:30 RUADA E CONCERTO DA A. C. MARIA SOLIÑA.

17:00 - 19:00 : OBRADOIROS E XOGOS CON A ILLA DOS RATOS,
NA CONTORNA DA PLAZA DE ABASTOS.

18:30 RUADA E CONCERTO DA ACF TROMENTELO.
20:00 RUADA E CONCERTO DE LEMBRANZAS DA RÍA.

21:00 AKELARRE POR "TEATRO DE NINGURES" NA
FONTE DO CABALO E PALCO DOS XARDINS DE SOAXE.

21:30: ...AÍ VEÑEN OS TURCOS! CON AMEAÇA DE BOMBO,
TEATRO DE NINGURES E OS INVASORES.



PROGRAMA DÍA A DÍA

XORNADAS CULTURAIS

13-15 DE OUTUBRO. FEIRA DOS INVASORES 1617
ALAMEDA VELLA DE CANGAS

DOMINGO 15 DE OUTUBRO

10:30 RUTA GUIADA "CANGAS 1617, OUTRO PUNTO DE VISTA"
CON A ILLA DOS RATOS. INSCRIPCIÓN PREVIA VIA WHATSAPP NO
611080853.

11:00: RUADA DE LUME DE KAROSO.

12:30: CONCERTO BANDA DE MUSICA BELAS ARTES.

16:30 RUADA E CONCERTO DO GRUPO DE DANZAS PAIS DE SAN
ROQUE.

18:30: ACTUACIÓN INFANTIL DOS MONIFATES NA CONTORNA
DA PRAZA DE ABASTOS.

19:30: AMBIENTACIÓN "CANGAS 1617" NA FEIRA DOS
INVASORE

20:00: REPRESENTACIÓN DE "A DEFENSA DA VILA. MARIA
SOLIÑA" CON TEXTOS DE XOSÉ MANUEL PAZOS E O POEMA DE
CELSE EMILIO FERREIRO.



EQUIPO COMPLETO DE A DEFENSA DA VILA. MARÍA SOLIÑA



Con textos de Xosé Manuel Pazos e o poema de Celso Emilio Ferreiro

COA PARTICIPACIÓN DAS ASOCIACIÓNS

A Cepa · Adicam · Ameaça de Bombo · ACF Tromentelo · AC Lembranzas da Ría ·
AC Peis d'hos · AC Defensa da Vila · AC Xiria · Asociación Mariñeiros de Bouzas ·
Sueste · Club Falcata de Esgrima Histórica · Escola de Música e Conservatorio de
Cangas ·
Escola de Teatro de Cangas · Grupo Vocal María Soliña · Grupo de Teatro Ardora ·
Pandereteiras de Lembranzas da Ría · Pandereteiras de Peis d'hos

REPARTO

María Soliña: Mónica Camaño

Inquisidor: Juan Luis Pérez

Cego: Fran Paredes

Lazariño: Sara Malvido

Pedro Barba e Demo: Lois Soaxe

Espantallo da Morte: Manolo Cobas

Meigas: Julia Abal, María Fernández, María Xosé Lagoa, Sonia Salgado, Sonia
Couto,

Carmen Suárez, Amparo Mesas, Bea Díaz, Sara Nieto e Silvia Portela.

Testemuñas: Carmen Suárez, María Lagoa, Sonia Salgado, Carlos Zunzunegui,
Manel Mañá, Pilar Ferrari e Miguel Rodríguez.

Deseño, confección e construción de vestiario: Sonia Rúa

Axudantía de vestiario e confección: Anabel Santos, Chiruca Fernández,
Julia Abal e Mila Abal

Escenografía e atrezo: Pablo Giráldez "O Pastor"

Composición e Dirección Musical: Anxo Graña e Guillermo Lamosa

Imaxe: Diego Seixo

Deseño iluminación: Salvador del Río

Curso de Malabares de lume: Lois Soaxe

Profesor de esgrima histórica: Ricardo Soto

Coreografía Danza Dos Piratas: Miguel Sotelo

Coreografías Danza Pobo e Danza de Liberación: Manolo Cobas

Asistencia técnica luz e son: Miguel Angel Castro, Sisco Lariño, Héctor Pazos
e Serafín Piñeiro

Dramaturxia e dirección: Casilda Alfaro e Salvador del Río

COORDINACIÓN E PRODUCCIÓN: TEATRO DE NINGURES

RUADA. O PERCORRIDO

A DEFENSA DA VILA · MARÍA SOLIÑA

8. PARQUE DA PALMA: O REMATE
Baixo a grande cruz do sufrimento, María, acompañada das demais meigas, recita o seu último poema e cumpre sentenza.

8

6. PRAZA DA CONSTITUCIÓN: XUÍZO A MARÍA SOLIÑA O QUE AS MENTES PODRES IMAXINAN
Xuízo inquisitorial a María e aparición de Pedro Barba convertido en castrón polas mentes inquisidoras e as meigas danzan en aquelarre. A comitiva continuará a procesión pola rúa Real, Benigno Soage e Sol ata o Eirado do Sinal.

6

7. EIRADO DO SINAL: ENCONTRO MARÍA PEDRO BARBA
Pedro Barba volve aparecer subido a un balcón e chama a María apresada. A comitiva leva a María camiño do Parque da Palma, pola rúa Oriente e Paseo de Castelao.

7

5. PALCO DA MÚSICA ALAMEDA: ALDRAXE A MARÍA SOLIÑA
Baixada pola rúa Antonio Garelly ata Eduardo Vinenti. Dende os balcóns e o palco da música, a veciñanza segue a culpabilizar a María e lévana cara ao xuízo.

5

2. NAVES DE OJEA: O DESEMBARCO
Desembarco dos piratas nas ramipas da alameda nova, dirixíndose entre os ruidos da guerra cara a onde o pobo os agarda nas barricadas improvisadas para ofrecer resistencia ao saqueo.

2

4. FONTE DE SAN LEONARDO: APRESAMENTO DE MARÍA SOLIÑA
Camiño cara á casa de María pola rúas Cervantes e Berbetaña. A veciñanza aparece nos balcóns espoleada pola nobreza e acúsana de meiga. Aparece o inquisidor na fonte de San Leonardo e prenden a María.

4

1. ALAMEDA VELLA: ANTES DO DESASTRE
Non alleos ao que lles pode vir enriba, o pobo de Cangas desenvolve unha xornada habitual na vila: algún coro canta e mesmo as xentes bailan para espantar o medo, mentres os nenos e nenas seguen cos seus xogos... as redeiras reparan os aparellos mentres outros fan grupos, mesturados con algún soldado que se ocupa da defensa da vila.

1

3

3. EIRADO DO COSTAL: DESPOIS DO DESASTRE
Os restos da batalla, o pobo revolve nos cascallos buscando aos seus, María Soliño procura entre a ruína ao seu marido, Pedro Barba, desaparecido...



CANGAS 1617

ACTIVIDADES INFANTÍS

FEIRA INFANTIL DOS INVASORES 1617

TODOS OS DIAS DA FEIRA


- ATRACCIONES INFANTILES

O SÁBADO 14 (DE 17:00 A 19:00)

- OBRADOIRO DE ESCUDOS,
- OBRADOIRO DE PERSONAXES DIVERTIDOS
- MAQUILLAXE,
- GLOBOFLEXIA,
- XOGOS
- ...E SORTEOS DE REGALOS!!

O DOMINGO 15 (AS 18:30)

- MONIFATES



FEIRA DOS INVASORES



A Feira dos Invasores 1617 é unha feira ambientada no Cangas de 1617.

A feira estará activa do venres 13 ó domingo 15 de outubro nos Xardíns Félix Soage (Alameda Vella) de Cangas.

A presentación de solicitudes realizarase ata o mércores 4 de outubro de 2023.

O mobiliario e as estruturas dos postos deberán estar ambientados na época na que se conmemora o evento (1617): madeira, palla, liño, tela de saco, pratos e vasos de barro, cristal ou cartón biodegradable (non permitidos envases de plástico).

Entre os postos da feira teremos artesáns coa venda de produtos feitos a man e tamén postos de demostración de oficios: alfareiros, ferreiros, cesteiros, canteiros, redeiras, carpinteiros...

Tamén haberá postos de alimentación: pan, empanadas, empanadillas, filloas, queixos, embutidos, tortillas, chourizos, choripan, xamón asado, polbo, biscoitos, magdalenas, bicas, mel... e tamén bebida: viño, cervexa, auga, zumos, refrescos...

COLABORADORES




ALFOMBRISTAS
DE SAN MARTIÑO



Grupo de Danzas



País de San Roque



Auditorio Municipal
de Cangas



A DEFENSA DA VILA

Asociación Cultural

WWW.ADEFENSADAVILA.COM

CANGAS@ADEFENSADAVILA.COM



PRENSA E MARKETING

GEMMA MARTÍNEZ

DESEÑO E IMAXE

DIEGO SEIXO

FOTOGRAFÍAS DE DIEGO SEIXO, LOLO MEIGA E PEPE PAZ.